

VIEIROS

Edición xeral

A cantante **UXÍA** e o poeta **RAFA VILLAR** en Fene

A cantante Uxía e o poeta Rafa Villar serán os que achegarán a canción e a palabra no **II Festival Día da Patria Galega** que terá lugar o vindeiro venres, 20 de xullo, a partir das 22 h na carpa instalada na Praza do Concello de Fene.

- 17:58 17/07/2001

Uxía Senlle é a voz máis recoñecida e internacional da música galega, unha voz cálida e tenra que funde as súas raíces na xeografía e a cultura dunha Galicia máxica, particular e universal.

Uxía presentará o seu novo proxecto discográfico en solitario, *Danza das Areas*, un traballo con importantes colaboracións no que viaxa dende o río Miño a un océano de esencias que aportan novos aromas na música galega. Esta nova andaina chega sen dúbida no momento máis doce e importante da súa carreira artística, despois da publicación dos seus traballos en países como EE.UU, Alemaña, Bélxica, Portugal, etc. Uxía estará acompañada por Nani García (piano, teclados), Quim García (contrabaixo), Carlos Castro (percusións), Marcos Teira (guitarras) e Xosé Liz (frutas e bouzouki).

As palabras virán da man de **Rafa Villar**, poeta que foi merecedor, entre outros, dos premios “Curuxa de Humor Literario”, polo relato *A busca*, “Certame de Contos Ultralixeiros” de Chantada, polo relato *Irlanda*, Irlanda, “Bouza-Brey de poesía para autores novos”, polo libro *Liques da memoria*, “Cómaros verdes” de poesía, por casa ou sombra, e “Concello de Carral” de poesía, polo libro *Días de Sherazade*.

É cofundador do Batallón Literario da Costa da Morte e ten editada unha grande obra poética. Non te esquezas de vir a ver este dúo en directo!!!